

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*RESOLUCIÓN do 29 de decembro de 2014 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que modifica as bases reguladoras para a habilitación dunha liña de avais para facilitarlles ás pequenas e medianas empresas galegas, auxiliares do sector naval, o acceso ao financiamento operativo adicional, instrumentadas mediante convenio coas entidades financeiras colaboradoras.*

Mediante Resolución do 22 de setembro de 2014 (DOG núm. 186, do 30 de setembro) publicáronse as bases reguladoras para a habilitación dunha liña de avais do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para facilitar ás empresas galegas auxiliares do sector naval o acceso ao financiamento operativo adicional, instrumentadas mediante convenio coas entidades colaboradoras.

No artigo 14.3.2 establécese a documentación que as beneficiarias, a partir da formalización de cada operación de aval, deben remitir ao Igape, concretamente que transcorridos 30 días desde o vencemento do prazo da operación avalada, deberán enviar a memoria asinada polo administrador, na cal se faga referencia aos seguintes datos: importe das exportacións realizadas no período de vixencia da operación e nos dous anos anteriores, porcentaxes que representa respecto da facturación total e países de destino dos produtos exportados.

Ante a necesidade de acreditar que o financiamento foi destinado á súa finalidade, é dicir, á subministración de bens ou servizos a un estaleiro da Comunidade Autónoma e non ás exportacións realizadas, procede realizar a correspondente modificación, a cal foi aprobada polo Consello de Dirección do Igape na súa xuntanza do 18 de decembro de 2014.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro. Publicar a modificación das bases reguladoras para a habilitación dunha liña de avais do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para facilitar ás pequenas e medianas empresas galegas, auxiliares do sector naval, o acceso a financiamento operativo adicional, instrumentadas mediante convenio coas entidades colaboradoras, publicadas



mediante Resolución do 22 de setembro de 2014 (DOG núm. 186, do 30 de setembro), no seguinte senso:

– Modifícase o artigo 14.3.2, que queda redactado do seguinte xeito:

«A partir da formalización de cada operación de aval, as beneficiarias deberán remitir ao Igape a documentación que se relaciona a seguir:

Mentres a operación de aval se atope en vigor:

– Copia cotexada das contas anuais que se aproben durante a vixencia do aval. Deberá incluírse o informe de auditoría, se é o caso. Deberán remitirse no prazo de 30 días desde a súa aprobación.

– Comunicación ao Igape, se é o caso, dos cambios na súa estrutura accionarial, xerencia, órganos de goberno ou administración, desde a última comunicación. Deberá remitirse no prazo de 30 días desde que se produzan os cambios.

Ata 30 días desde o vencemento do prazo da operación avalada:

– Copia cotexada dos contratos de subministración de bens ou servizos asinados co estaleiro ou estaleiros da Comunidade Autónoma de Galicia durante a vixencia do aval, non achegados inicialmente coa solicitude».

Segundo. Esta modificación entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2014

Javier Aguilera Navarro  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

